

Editorial

O Parlamento Europeo e o Consello da Unión Europea aprobaron declarar 2018 como Ano Europeo do Patrimonio Cultural baixo o lema “O noso patrimonio: onde o pasado se atopa co futuro”.

A Consellería de Cultura e Turismo é a responsable en Galicia dun programa de actividades que conmemora este ano na comunidade baixo o lema *Somos patrimonio*, “para así fomentar o intercambio e a valoración do patrimonio cultural da rexión, sensibilizar sobre a historia e os valores comúns e reforzar o sentimento de pertenza á alianza de países” (<https://www.cultura.gal/gl/ano-europeo-patrimonio-cultural-2018>).

O Museo do Castro de Viladonga sumouse a este programa xa que, como institución xestora, coñece de primeira man as necesidades e as eivas do patrimonio arqueolóxico. A protección, conservación e investigación arqueolóxicas precisan dunha forte inversión económica que, no caso do castro de Viladonga, (declarado BIC en 2009), vén sendo financiada desde 2012 polos fondos europeos FEDER que permiten levar a cabo sucesivas campañas de escavación e consolidación no castro.

Cumprindo co espírito do lema deste Ano Europeo da Cultura, desde o museo téntase acotío enlazar a investigación arqueolóxica, que fornece abundosa información sobre o noso pasado, coa obrigada transmisión á sociedade mediante unha ampla oferta de actividades de divulgación e difusión enfocadas ó público escolar (obradoiros e visitas guiadas con apoio de material didáctico) as exposicións temporais, publicacións, concertos e outras actividades abertas a todo tipo de público.

A posta a disposición dos investigadores dos materiais depositados no museo, tanto procedentes das escavacións do castro de Viladonga como os procedentes de Lugo capital e provincia (custodiados nun almacén externo), están permitindo o avance dos recentes estudos sobre a transición da tardorromanidade á Alta Idade Media. Neles téntase clarexar a ocupación tan tardía deste castro, así como a súa relación co entorno e coa propia cidade de *Lucus Augusti* en época sueva.

Ademais destas tarefas, estase a traballar na adquisición de todo o espazo que ocupa o xacemento, xa que actualmente só é de titularidade pública (da Xunta de Galicia) a croa, a muralla principal e o antecastro oeste

así como a terraza onde se sitúa o edificio do museo ó que hai que engadir unha finca situada na ladeira sueste do monte do castro, a Chousa das Abelairas, que foi doada en testamento ó museo polo veciño de Viladonga, José Luis Balado García, xenerosidade que merece ser resaltada e recoñecida non só polo museo senón especialmente pola sociedade na que revirte como beneficiaria.



1985



2015

A fragmentación da propiedade característica do minifundismo rural galego, fai que as xestións para a compra das leiras privadas que ocupan a superficie do castro de Viladonga estean sendo laboriosas, pese á boa vontade tanto dos titulares das propiedades como das administracións implicadas (Xunta de Galicia e Concello de Castro de Rei).

O feito de que todo o xacemento sexa de propiedade pública vai permitir un axeitado mantemento e lectura das súas estruturas, xa que poderá manterse limpo de maleza e de plantacións arbóreas (contando con que as provisións económicas sexan as pertinentes), evitando o que sucede na actualidade en que a repoboación forestal que ocupa todo o contorno impide apreciar a preeminencia do castro na paisaxe chairega, feito que si se pode comprobar na documentación gráfica dos anos oitenta do século pasado.

Todo o anterior pretende dar resposta ó anxeio de transmitir á sociedade actual e futura o patrimonio, neste caso arqueolóxico, que por herdanza lle corresponde, debidamente estudado e conservado.

PD.- Non queremos esquecer neste editorial lembrarnos do querido colega e amigo, Carlos García Martínez, director do Museo do Pobo Galego e socio fundador da Asociación de Amigos do Castro de Viladonga, finado o 17 de marzo de 2018 en Santiago de Compostela.

STTL.